

Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Persoal, oposicións

*PROVISIÓN TEMPORAL EN RÉXIME DE COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE
"TÉCNICO RESPONSABLE DE EDUCACIÓN DE ADULTOS"*

ANUNCIO

A Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, con data do 02 de Decembro de 2022, adoptou o seguinte decreto:

PRIMEIRO.- Resolver a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante, Técnico Responsable de educación de adultos", cód. 342, e que de seguido relacionase:

- Posto: Técnico Responsable de educación de adultos.
- Código: 342
- Administración Especial,
- Escala: Técnica
- Subescala: Técnica Superior
- Subgrupo de titulación: A1
- CD: 26
- CE: 670
- Titulación: codg 1

SEGUNDO.- Nomear con cargo ao posto de traballo de "Técnico Responsable de educación de adultos", código 342 a I. S. Ojea Pérez. con D.N.I. **04680**, sendo a duración da comisión de servizos a estritamente necesaria e atópase directamente vinculada á correspondente convocatoria de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2. A cobertura provisional en comisión de servizos rematará unha vez resolta a respectiva convocatoria na que se atopa incluído o posto, e en todo caso dentro do prazo legalmente establecido de 1 ano prorrogable por outro nos termos do marco normativo de aplicación.

TERCEIRO.- A presente comisión terá efectos administrativos e económicos dende o día seguinte á notificación da resolución ata a provisión definitiva dos postos de traballos. En todo caso a duración máxima da comisión de servizos será dun ano prorrogable por outro.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6814DIAEFQR0R1AX



Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

CUARTO.- Notificar a presente aos solicitantes dos postos de traballo cuxa provisión se oferta, a I. S. Ojea Pérez con D.N.I. **04680**, ao Servizo de Educación, Concellería de Educación; ao persoal técnico de RRHH, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral (Pleno e Xunta de Goberno Local) e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.

QUINTO.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para coñecemento, ordenando a publicación da resolución da convocatoria na Intranet municipal, web do Concello de Vigo, Taboleiro de anuncios e edictos e boletíns para público coñecemento do persoal municipal e da representación sindical.

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

MDG/mm

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

A XEFA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN.- María Dapena Gómez.

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN E XESTIÓN MUNICIPAL (delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022).- Patricia Rodríguez Calviño.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6814DIAEFQR0R1AX

